XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL VALENTÍN PAZ ANDRADE

# Profesorado de garda

| PROTOCOLO | INICIO DE XORNADA, CAMBIOS DE CLASE E VOLTA DO RECREO | GARDA DE CLASE POLA AUSENCIA DE PROFESORADO A HORAS DE CLASE OU DE GARDAS DE BIBLIOTECA |
|---|---|---|
| 1. A persoa docente de garda **PRESENTARSE EN CONSERXERÍA con puntualidade**.<br>2. **ASINARÁ NO LIBRO DE GARDAS** que se atopa na mesma.<br>3. Comprobará incidencias como ausencias ou atrasos de profesorado, alumnado nos corredores, exceso de ruído nos dentro dalgunha aula/obradoiro/biblioteca/vestiario etc... Prestarase especial atención ás aulas e obradoiros de fp básica.<br>4. **AVISARÁ NA CONSERXERÍA** no caso de atopar todo en orde onde e como poden localizado de inmediato de necesidade durante a garda.<br>5. Reflectir calquera incidencia no libro de gardas ao final da garda. | Durante a entrada do alumnado á primeira hora, unha das persoas de garda situarase na **zona de conserxería** e outra/s na **zona de acceso aos corredores dos obradoiros.** Recoméndase vixiar as entradas nas aulas e obradoiros.<br>En xeral velarase polo cumprimento do horario do alumnado, especialmente no inicio e final da xornada, despois do recreo e nos cambios de clase. | Comunicar en Conserxería o grupo onde falta a persoa docente.<br>Velar polo correcto comportamento do alumnado de modo que esta circunstancia non interfira no normal desenvolvemento do resto das aulas.<br>Esperar instrucións do equipo directivo para dar ao alumnado afectado.<br>• Comunicar ao alumnado os cambios ou adaptacións no horario dese día.<br>• Trasladar que poden abandonar o centro no caso de últimas horas, para o alumnado con permiso e maiores de idade.<br>• Indicarlles os traballos na aula virtual segundo instrucións recibidas do docente ausente, titoría do grupo, etc... A persoa de garda permanecerá na aula con eles.<br>Si a persoa ausente corresponde coa persoa de **garda de biblioteca,** será a persoa de garda a encargada de facer a mesma e asinar no libro de gardas indicando a incidencia. |
| **GARDAS DE RECREO** | **ALUMNADO SANCIONADO** | **ALUMNADO MENOR DE IDADE** |
| O profesorado de garda no recreos **extremará a puntualidade** na realización das mesmas.<br>Faranse en dous grupos de dúas ou tres persoas:<br>O primeiro grupo de docentes **vixiará a zona da entrada do centro** evitando as saídas de alumnado menor de idade fora do recinto escolar. O alumnado menor de idade non pode en ningún caso abandonar o recinto escolar durante o recreos. O profesor de garda pode solicitar o DNI ao alumnado en caso de dúbida.<br>O segundo **percorrerá o resto do recinto exterior**, velando polo cumprimento das normas en canto ao uso do espazo e o estacionamento de vehículos.<br>O profesorado de garda de recreo alertarán do uso de substancias prohibidas e rexistrarán e comunicarán calquera incidencia. | **Alumnado** permanecerá na sala de gardas (xuntas II).<br>NON poderá utilizar móbil nin ordenador.<br>Realizará tarefas cos materiais elaborados polo equipo docente e o Departamento de Orientación.<br>**Profesorado** colaborará co alumnado na medida do posible para a realización de ditas tarefas. | 1- Na conserxería atoparanse as listaxes onde consta a autorización para abandonar o centro das familias ou persoas titoras legais do alumado menor de idade.<br>1.1. O alumnado **con** autorización poderá abandonar o centro.<br>1.2. O alumnado **sen** autorización deberá permanecer na aula.<br>2- O docente de garda terá que permanecer na aula co alumnado **sen** autorización.<br>3- Comunicará as faltas de asistencia do alumnado menor de idade sen autorización á persoa titora ou ao equipo directivo para avisar ás familias de inmediato. |



Fondo Social Europeo
Cofinanciado polo
programa Erasmus +
da Unión Europea
UNIÓN EUROPEA